

# A ORACIÓN COMPOSTA

## 1. ORACIÓN E PROPOSICIÓN

- **Oración simple** é a que só ten un verbo, é dicir, un único predicado: *Eu teño sono.*
- **Oración composta** é a que ten máis dun verbo, é dicir, ten dous ou máis predicados e, polo tanto, componse de dúas ou máis proposicións: *Eu teño sono e ti tes fame.*
- Unha **proposición** é un grupo de palabras que, dentro dunha oración composta, ten suxeito e predicado.

1 Clasifica as seguintes oracións en simples ou compostas poñendo unha cruz na casíña correspondente:

Oracións	Simples	Compostas
– Carme e María sempre viaxan en avión.		
– Se te ergueses máis cedo non chegarías tarde a todas partes.		
– Aquela rapaza loura estudia cuarto de piano no Conservatorio.		
– Quero que me envíes unha copia destas fotografías.		
– Estou lendo o novo libro deste escritor pontevedrés.		
– Estiven cinco horas con ela e non me contou nada.		
– Avísame cando chegues.		

2 Escribe por separado as dúas proposicións de que constan as oracións compostas do exercicio anterior.

---

---

---

---

3 Transforma as seguintes oracións simples en oracións compostas:

- Hoxe irei á túa casa. \_\_\_\_\_
- Apaga o televisor. \_\_\_\_\_
- Chámame algunha vez. \_\_\_\_\_
- A comida xa está preparada. \_\_\_\_\_
- Somos amigos desde nenos. \_\_\_\_\_
- Esta casa ten a fachada de pedra. \_\_\_\_\_
- Luís e Pedro nunca van en avión. \_\_\_\_\_
- Sara é modelo. \_\_\_\_\_

## 2. COORDINACIÓN, SUBORDINACIÓN, XUSTAPOSICIÓN

Segundo a relación que garden entre si as proposicións dunha oración composta, distinguimos: **coordinación**, **subordinación** e **xustaposición**.

- Son **coordinadas** as proposicións que son sintacticamente independentes, é dicir, ningunha das dúas proposicións forma parte do suxeito nin do predicado das restantes. Aínda que cada unha delas puidera enunciarse como unha oración simple independente, entre as dúas constitúen unha soa unidade de significado máis amplo:

*Xodn canta e Antía baila.*

- Son **subordinadas** as proposicións que dependen sintacticamente doutras, é dicir, desempeñan funcións sintácticas (suxeito, CD, CC...) en relación con outra, a principal.

Se se enuncian por separado, unha delas carece de significado. Por tanto, para ter sentido teñen que pronunciarse xuntas:

*Quero que me digas o que estás pensando (a 2ª proposición funciona como CD de *digas*.)*

CD

- Son **xustapostas** as proposicións que van unidas mediante signos de puntuación que indican pausa menor (a coma, o punto e coma ou os dous puntos), é dicir, non están conectadas mediante conxuncións ou partículas de enlace. As dúas proposicións son sintacticamente equivalentes:

*Ti preguntame o que queiras; eu verei se che contesto.*

**1** Subliña os verbos en forma persoal, separa as proposicións que forman as oracións e indica se están unidas por coordinación, por subordinación ou por xustaposición.

– Meu pai dixo que tiveses coidado.

– Gústame ver películas cando teño tempo.

– Chegamos tarde porque chovía moito.

– Fala, non quedas calado.

– ¿Vés comigo ou quedas na casa?

– Estou moi cansa pero acompañareite ó cine.

– Díxome o que pensaba porque son a súa mellor amiga.

– Chameite desde a ventá; ninguén me contestou.

– No verán tomo o sol na praia e no inverno vou á neve.

– Se acabas pronto, espérote.

– Dáme esa novela; quero lela.

– Aínda que ti non veñas, faremos unha festa esta fin de semana.

– Nin veu nin chamou por teléfono.

– Cando remates, avisa.

### 3. PROPOSICIÓN COORDINADAS

Segundo a relación que se estableza entre as proposicións coordinadas, estas poden ser: copulativas, disxuntivas, adversativas, distributivas e explicativas.

1. **Coordinadas copulativas.** Están formadas por dous ou mais segmentos de información que se suman.

Únense mediante as conxuncións *e*, *e mais* e *nin*:

*Xoana escribe e Luísa le.*

2. **Coordinadas disxuntivas.** Expresan opcións excluíntes entre as que hai que escoller; é dicir, exclúen mutuamente o seu significado.

Os nexos son *ou*, *ou ben*:

*¿Estudias ou traballas?*

3. **Coordinadas adversativas.** Unha das proposicións contraponse á outra, restrinxe o seu significado ou négao.

Nexos: *mais*, *pero*, *sen embargo*, *senón*, *senón que*:

*Dixéronlle que estaba san, pero tiña neumonía.*

4. **Coordinadas distributivas.** Expoñen accións que alternan pero non se exclúen.

Nexos: *ben... ben*, *ora... ora*, *xa... xa*, ou palabras correlativas do tipo: *unhas veces... (e) outras*:

*Ora ri, ora chora.*

5. **Coordinadas explicativas.** Unha das proposicións aclara o significado da outra.

Os nexos son *é dicir*, *ou sexa*, *isto é...*:

*Manuel é meu curmán, é dicir, é sobriño de meu pai.*

**1** Separa as proposicións coordinadas destas oracións e indica de qué clase son:

– Ou vés ou marchas.

\_\_\_\_\_

– Quixen chamarte, pero non puiden.

\_\_\_\_\_

– Ou acabas axiña ou non te espero.

\_\_\_\_\_

– Non dixo a verdade, senón que quedou calado coma un peto.

\_\_\_\_\_

– ¿Ou vén el ou vés ti?

\_\_\_\_\_

– Xa chora, xa ri.

\_\_\_\_\_

– Vive en Xinzo, é dicir, na provincia de Ourense.

\_\_\_\_\_

– Nin o sabes ti nin o sei eu.

\_\_\_\_\_

– Ora traballa, ora descansa.

\_\_\_\_\_

**2** Enlaza as proposicións mediante unha conxunción coordinante. Escribe ó lado a clase de oración resultante:

Clase

- Eu quero ir a Lugo \_\_\_\_\_ ti dis que é moi lonxe. \_\_\_\_\_
- Saímos de viaxe \_\_\_\_\_ vimos magníficas paisaxes. \_\_\_\_\_
- Gústame pasear \_\_\_\_\_ teño pouco tempo libre. \_\_\_\_\_
- Dime se vas vir \_\_\_\_\_ se vas quedar na casa. \_\_\_\_\_
- Por unha vez chegou cedo \_\_\_\_\_ foi puntual. \_\_\_\_\_
- Tiña moitas posibilidades \_\_\_\_\_ non gañou. \_\_\_\_\_
- O tempo está tolo: \_\_\_\_\_ chove, \_\_\_\_\_ sae o sol. \_\_\_\_\_
- Escribiu unha novela \_\_\_\_\_ fíxose famosa. \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ come \_\_\_\_\_ deixa comer. \_\_\_\_\_

**3** Completa as seguintes oracións cunha conxunción copulativa:

- Levántate \_\_\_\_\_ anda.
- Abrín os ollos \_\_\_\_\_ vinte ó meu carón.
- Non o sei \_\_\_\_\_ quero sabelo.
- Houbo un accidente na estrada \_\_\_\_\_ viñeron axiña os policía de tráfico.
- \_\_\_\_\_ lle gusta o cine \_\_\_\_\_ o teatro.

**4** Completa as seguintes oracións cunha conxunción adversativa:

- Quixen chamarte por teléfono, \_\_\_\_\_ esquecín o teu número.
- Díxenche ola, \_\_\_\_\_ non me viches.
- Nacín en Monterroso, \_\_\_\_\_ vivín desde neno en Arzúa.
- Comprei a novela, \_\_\_\_\_ aínda non a rematei.
- Queríamos ir ó cine, \_\_\_\_\_ xa non había entradas.
- Era aínda cedo, \_\_\_\_\_ xa saíra o sol.

**5** Completa as seguintes oracións cunha conxunción disxuntiva, distributiva ou explicativa:

- \_\_\_\_\_ estudias \_\_\_\_\_ suspendes.
- A vaca é un cuadrúpedo, \_\_\_\_\_, ten catro patas.
- Ese neno \_\_\_\_\_ chora, \_\_\_\_\_ ri.
- O teu irmán \_\_\_\_\_ sabe \_\_\_\_\_ contesta.
- \_\_\_\_\_ sobes \_\_\_\_\_ baixas.
- Brais é un filántropo, \_\_\_\_\_, interésalle a especie humana.
- \_\_\_\_\_ vés ti \_\_\_\_\_ voute buscar eu.

## 4. PROPOSICIÓN SUBORDINADAS

Unha oración está composta por subordinación cando unha das proposicións depende sintacticamente da outra:

*Chámame cando chegues.*

- Unha é a **proposición principal** ou subordinante, a que contén o núcleo do que depende a outra proposición: *chámame*.
- A outra é a **proposición subordinada** que depende do núcleo da principal: *cando chegues*.

**1** Nas seguintes oracións, encerra entre corchetes a proposición principal e entre parénteses a subordinada:

- Rosa sempre di que lle gustaría viaxar ó Senegal.
- Xa lin o libro que ti me regalaches.
- Necesito que me deas unha solución.
- É importante que te decates da túa situación.
- O meu reloxo, que é moi vello, funciona perfectamente.

As proposicións subordinadas poden ser:

- **Substantivas.** Desempeñan calquera das funcións propias dos substantivos (Suxeito, CD...):

*Dime cántos anos tes - Dime a túa idade.*

- **Adxectivas.** Desempeñan a función propia dos adxectivos, é dicir, modificador dos nomes:

*Este é o libro que perdera - Este é o libro perdido.*

- **Adverbiais ou circunstanciais.** Desempeñan unha función propia de adverbios, é dicir, complemento circunstancial dun verbo:

*Fixen o traballo como me dixeches - Fixen o traballo así.*

**2** Nas seguintes oracións, encerra entre parénteses a proposición subordinada. Clasifícaa en substantivas, adxectivas e adverbiais ou circunstanciais.

- A súa familia regresará cando remate o verán. \_\_\_\_\_
- O rapaz que gañou o concurso literario recibirá un agasallo. \_\_\_\_\_
- A axenda que comprei onte ten un día por páxina. \_\_\_\_\_
- O meteorólogo dixo que mañá chovería. \_\_\_\_\_
- Agárdote onde ti me digas. \_\_\_\_\_
- Quero que veñas. \_\_\_\_\_
- Non é fácil que acertes. \_\_\_\_\_

## PROPOSICIÓN SUBORDINADAS SUBSTANTIVAS

Segundo a función que desempeñen, diferenciamos as seguintes proposicións substantivas:

- De **suxeito**. Equivalen a un SN que é suxeito da proposición principal. Xeralmente van introducidas pola conxunción *que*: *Gústame que me veñas visitar.*
- De **atributo**. Equivalen a un SN que é atributo en relación coa proposición principal: *Hoxe estou que non podoo máis.*
- De **complemento dun nome**. Equivalen a un SN que é complemento dun substantivo pertencente á proposición principal: *Explícame o motivo de que chegas tarde.*
- De **complemento dun adxectivo**. Equivalen a un SN que precisa o significado dun adxectivo pertencente á proposición principal: *María está ansiosa de que cheguen as vacacións.*
- De **complemento directo**. Equivalen a un SN que é CD do verbo da proposición principal: *Quero que chegues pronto.*
- De **complemento indirecto**. Expresan o beneficiario ou prexudicado pola acción indicada polo verbo da proposición principal: *Dálle este paquete a quen che abra a porta.*
- De **suplemento**. Equivalen a un SN que funciona como suplemento do verbo principal: *Decateime de que xa era moi tarde.*

### 3 Subliña as proposicións subordinadas e clasifícaaas segundo a función que desempeñan:

- Dime qué queres saber.
- Entregareille o regalo a quen saiba a resposta correcta.
- Non me acordei de que quedara con ela.
- Alégrame que aprobaras ese exame.
- Dixo que non estaba disposto a continuar así.
- Cántame a razón de que chegues tarde.
- O que ti digas non me interesa.
- Non sabes o que queres.
- Estou encantada de que veñas comigo.
- Gústame que sempre esteas de bo humor.
- A miña ilusión é que ti regreses pronto.
- Lémbtrate do que che contei.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

### 4 Completa a oración cunha proposición subordinada substantiva. Indica a función que desempeña:

- Desexo que \_\_\_\_\_
- Gústame que \_\_\_\_\_
- Pregúntalle a Xosé \_\_\_\_\_
- Estou segura de que \_\_\_\_\_
- Ana dixo que \_\_\_\_\_

---

---

---

---

---

## PROPOSICIÓNS SUBORDINADAS ADXECTIVAS

Equivalen a un adxectivo e, por tanto, desempeñan a función de **modificador do substantivo**. Expressan unha característica dun substantivo da oración principal —o antecedente—:

*Estou vendo unha película que non acaba nunca - unha película interminable.*

Tamén se chaman **de relativo** porque comezan por un pronome relativo (*que, quen, o/a cal, os/as cales*) ou un adverbio relativo (*onde, cando, como, canto*).

**5** Encerra entre parénteses as proposicións adxectivas. Subliña os relativos e rodea o seu antecedente. Indica a función do relativo.

– Esta é a casa na que eu nacín. \_\_\_\_\_

– A farmacéutica que nos atendeu era realmente amable. \_\_\_\_\_

– Tráeme o libro que está enriba da túa mesa. \_\_\_\_\_

– Coloca no seu sitio os regalos que recibiches onte. \_\_\_\_\_

– Aquela é a oficina onde traballa teu pai. \_\_\_\_\_

– Este é o rapaz que sempre está xogando no patio. \_\_\_\_\_

– As persoas ás que el se dirixía non lle prestaban atención. \_\_\_\_\_

– Agárdote na cafetería na que nos coñecemos. \_\_\_\_\_

**6** Une as dúas oracións simples de maneira que formen unha oración cunha subordinada adxectiva:

María vive nunca casa.

A casa ten unha ampla galería.

Vin a película.

A película gañou un premio Goya.

Onte ceei cuns amigos.

Os amigos son moi afeccionados ós xogos de cartas.

**7** Analiza os compoñentes destas oracións e encerra entre parénteses as subordinadas adxectivas:

– Os rapaces que gañaron o concurso sairán mañana na lista.

– Agárdote na cafetería na que nos coñecemos.

– O rapaz do que che falei onte é estudante.

## PROPOSICIÓN SUBORDINADAS ADVERBIAIS

Son aquelas que desempeñan a función propia dun adverbio, é dicir, a de **complemento circunstancial**. Expresan unha circunstancia do que indica o verbo da proposición principal:

*Fixen todo como ti me dixeches - Fíxeno así.*

CLASES:

- **De lugar.** Indican o lugar no que se desenvolve a acción expresada polo verbo principal (equivalen ó adverbio *atí*): *Vou por onde ti me digas.*
- **De tempo.** Indican o tempo no que se desenvolve a proposición principal (que pode ser antes, despois ou simultáneo do que indica a subordinada): *Canta mentres traballa.*
- **De modo.** Indican o xeito de se realizar a acción principal (equivalen ó adverbio *así*): *Tes que nadar como che di o monitor.*
- **Comparativas.** Expresan o segundo termo dunha comparación que se incia na proposición principal: *Este parque non é tan fermoso como ti me contaches.*
- **Causais.** Expresan o motivo do que se di na proposición principal: *Non veu porque estaba esgotado.*
- **Consecutivas.** Expresan unha consecuencia do que se di na principal: *É tan nugallán que nunca se levanta antes das dez.*
- **Condicionais.** Expresan unha condición que debe cumprirse para que se poida realizar o que indica a proposición principal: *Se tivese cartos, compraría un coche novo.*
- **Concesivas.** Expresan unha dificultade para o cumprimento do expresado pola principal, que de todos modos se realizará: *Aínda que estivese cansa, non me perdería o concerto de Sting.*
- **Finais.** Indican o propósito polo que se realiza o que indica a proposición principal: *Chama ese carpinteiro para que faga unha mesa nova.*

**8** Sinala as proposicións subordinadas adverbiais e clasifícaaas segundo a función que desempeñan:

- Cando remate a película, avísame.
- O libro estaba onde eu che dixera.
- Teño que falar contigo antes de que marches.
- Fixen o traballo como mellor souben.
- Chameite porque estaba aburrída.
- Se te vas antes de tempo, avísame.
- Eu traballo moito máis do que ti cres.
- Tes que coidar de teu irmán, aínda que non teñas ganas.
- Sempre que vén trae un regalo para ti.
- Vou abrir as ventás para que entre o sol.
- Abrígate ben que hoxe vai moito frío.
- Aínda que teñas razón non me parece a mellor solución